

# ED. INFANTIL


# 1º CICLO

# 2º CICLO

## Rosa Caramelo

Adela Turin, Kalandraka


Illada nun xardín, Margarita é a única elefanta do grupo incapaz de conseguir que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus pais desisten de imporlle ese aspecto, descubrirá o significado da liberdade e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras.



## ¿Y si un T. rex...?

Susaeta


Imaxínaste que os dinosaurios viviran hoxe en día? Qué pasaría se un tiranosaurio fora ao parque, a ximnasia ou, simplemente, quixera lavarse os dentes?



Dragonario. Un catálogo de dragonas y dragones.

Raquel Gu, Ed. B de Black



En este libro encontrarás a la dragona de la laguna que se deleita mirando la luna; al dragón que se burla del caballero en sus propias narices; al dragón que guarda sus sueños en un tarro; a otro más que sabe ir en bicicleta...



## Cocorico

Marisa Núñez & Helga Bansch, Ed. OQO

Cocorico é un pitiño que vive feliz coa súa nai. Un día que Mamá Galiña vai facer biscoito, o pitiño vai pola leña e aparece un gato enorme e malvado que o quere devorar. Cocorico salva a vida porque lle promete que lle dará a metade da merenda pero...



## A viaxe das bolboretas

Paula Carbonell, Ed. OQO

Pupi vai á praia por 1ª vez. Ademais, está desexando participar en todos os xogos e competicións que alí se organizan. E el, vaina organizar! Un libro divertido e cheo de sorpresas.

## El vampiro debilucho

Rocío Antón e Lola Nuñez, Edelvives

Fermin é un vampiro diferente, en lugar de voar prefire quedarse lendo libros. Grazas aos coñecementos de Fermin, a súa familia conseguirá quedarse a vivir no seu castelo, e non ser expulsados polas persoas do pobo.



## Querida Susi, querido Paul.

Christine Nöstlinger, Ed. SM


Susi abúrrese no colexio porque Paul xa non está na súa clase. Susi escríbelle, e Paul contéstalle e lle conta cómo é a súa nova vida. .



## Historia dunha lata.

Begoña Ibarrola, Ed. Primera Persona

Esta é a historia de folle de lata que vai cambiando de usos e donos. Ata que un día se converte en ....



## La increíble histrotia de... Un amigo excepcional.

David Wialiams, Ed. Montena

Por que decidiu Chloe axudar ao señor Fétido? Pois porque é a única persoa no mundo que foi amable con ela. Humor e aventuras da man do autor nº 1 en Inglaterra.

## Como hablar con tu robot

Ana Alonso, Ed. Anaya

O xove superheroe Lucas quere entrenar ao seu robot para que fale coma un ser humano. Pero o supervillano Noir regálalle unha torta de aniversario máxica e fai que Lucas non poida decir dúas oracións seguidas sen empregar unha frase feita. Pero os robots non entenden esas expresións...



## Max Remy: En busca de la máquina del tiempo

Deborah Abela, Ediciones B


Divertidísima serie chea de acción. A protagonista soña con converterse nunha superespía. Max debe pasar un mes de vacacións cos seus tíos, que viven no campo sen ningún tipo de confort e, o peor de todo, sen televisión. Pronto descobre que os seus tíos son 2 famosos científicos que foxen do malvado Mr. Blue

## La loca historia de la humanidad:

### La Prehistoria


VV.AA., Ed. Montena

Quen dixo que aprender historia non pode ser divertido? Descubre a tola historia da humanidade e prepárate para a maior aventura de todos os tempos con este cómic!



# 3º CICLO

# FAMILIAS



**Xela volveuse vampira**  
 Fina Casallerrey, Baía edicións.  
 Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivente de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubri-lo. Inclúe DVD con sesión de contacontos

## Diario de Greg 1, Un pringao total

Jeff Kinney, RBA Libros


Ser casi adolescente pode resultar moi fastidioso. Ninguén o sabe mellor que Greg Heffley, inmerso no duro ambiente do instituto, onde os chicos baixiños que aínda non deron o estirón teñen que compartir os corredores con grandullóns que xa se afeitán dúas veces ao día.



## Will Moogley: Axencia de pantasmas

Pierdoménico Baccalario, Ed. Molino


Will e o seu amigo Tupper teñen entre mans o insólito caso do espectro de Jerrold. Cando estaba con vida, era vixiante nocturno nun museo. Por eso, o seu único desexo é poder durmir todas as noites! Agora que é unha pantasma, o pobre tampouco consegue un momento de paz...



## O pazo máxico. A túa primeira Escola de Maxia

Pedro Volta, Baía Edicións

Con este libro poderás facer realidade os teus soños e vivir unha aventura alucinante nun pazo máxico oculto nun bosque secreto, onde te converterás nun auténtico aprendiz de mago.



## Sonia Sotomayor


Jonah Winter, Ed. Hardcover

Este libro bilingüe (inglés-español) conta a historia da "xuíza que creceu no Bronx", unha nena que creceu rodeada de amor e libros, e tivo que pasar moitas dificultades. É unha historia de sacrificio e éxito.

## La catastrófica aventura de la ciencia

Sean Connolly, Ed. Montena

Experimentos que demostran as teorías dos 34 descubrimentos máis innovadores da historia: a roda, o foguete, o microscopio... ATENCIÓN, PAIS: Dende o dominio do lume ata a división do átomo, cada descubrimento científico ten riscos potencialmente catastróficos. Pero non vos preocupedes! Pode que se ensucien e que precisen axuda, pero non se converterán en científicos tolos... seguramente.



## Edúcame bien: 100 respuestas para madres y padres preocupados.

Montse Domenech, Plaza & Janes editores

Os pais sufrimos nalgún momento problemas de convivencia cos nosos fillos, ben sexa por conflitos de horarios, comportamentos inesperados, ciumes, desinterese polos estudos... Estos problemas son normais e todos teñen solución cando se tratan con sentido común e con cariño.

## Rabietas, pataletas y malos modales

Jesús Jarque, Ed. Grupo Gesfomedia

Este manual pretende explicar de maneira clara e concreta en que consisten as Rabietas, pataletas e os malos modais, que factores soen contribuir a elas e sobre todo, facilitar ás familias estratexias concretas para afrontalas.



Ler é unha aventura



“Non hai mellor fragata que un libro para levarnos a terras lonxanas”.

Emily Dickinson (Poetisa estadounidense)

# BIBLIOTECA DE RUBLIÁNS

<http://www.bibliotecarubians.blogspot.com>